



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refº: acta Mesa 09.03.17 aclaracion oferta ALCOR mellora

Asunto: acta mesa 09.03.17 aclaración oferta ALCOR mellora salarial

FOLIO

000283

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. Expdte: 6-2016. ANÁLISE DA SITUACIÓN CREADA ANTE A FALTA DE ACLARACIÓN POR ALCOR DO CUMPRIMENTO DA SÚA OFERTA DE MELLORA SALARIAL

Sendo as 13,30 horas do día 9 de marzo de 2017, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do Servizo de Contratación, Fomento e Patrimonio e actuando como vocais:

- dona Carmen Flores Vicesecretaria accidental do Concello de Lugo.
- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Concello.
- don Manuel Méndez Novo Xefe da Policía Local
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de Contratación, actuando como Secretaria.

Asisten tamén o acto don Carlos Somoza en representación de ALCOR SEGURIDAD, don Javier Saco Rodriguez do Sindicato CSOI, don José Julio Ares Suárez de PROSEGUIR e José Ansedé Díaz en representación de ILUNION.

Abre a sesión o Sr. Presidente explicando aos asistentes a situación creada pola falta de aclaración por parte de ALCOR SEGURIDADE do efectivo cumprimento da súa oferta de mellora salarial de 300 euros anuais sobre o convenio colectivo estatal de empresas de seguridade, todo elo tralo requerimento efectuado á vista da situación similar acontecida noutro contrato asinado con esta empresa (vixilancia no Fogar do Transeunte e CEI-NODUS) que por incumprimento da súa oferta de mellora salariais foi resolto previo ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia.

Ante esta situación de resolución contractual convocouse á Mesa de Contratación para a análise dunha posible inconsistencia da oferta presentada neste contrato de vixilancia nos centros de convivencia polo risco de non cumprimento da oferta e do contrato (84 do RD 1098/2001)

Agora ben, dado que no requirimento de aclaración efectuado no mes de novembro non se advertía expresamente á empresa das consecuencias da falta de resposta, procede – con base ao principio de boa fe dado que o incumprimento dun contrato non pode presumir o incumprimento doutro -requerirille novamente para que aclare se vai cumprir ou non a súa oferta de mellora de 300 euros sobre o convenio estatal de empresas de seguridade coa advertencia de que en caso de non atender o requirimento a Mesa podería entender que non pode cumprirse a oferta e en consecuencia, ser rexeitada.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: acta Mesa 09.03.17 aclaracion oferta ALCOR mellora

Asunto: acta mesa 09.03.17 aclaración oferta ALCOR mellora salarial

Intervén don Carlos Somoza con DNI 34.251.608P que achega poder especial nº 260 de data 02.02.2009 de representación de ALCOR para manifestar que **sí vai cumprir expresamente coa oferta presentada de 300 euros de mellora salarial sobre o convenio estatal de empresas de seguridade.**

Asi pois os membros da Mesa entenden que neste momento queda aclarada a oferta presentada no seu día, e sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



A SECRETARIA

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo: Ana Tabares Martínez